

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN LUGO O 17 DE MARZO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción para o fomento da mobilidade sustentable, senda na OU-536, treitos: As Vendas (puntos quilométricos pp.qq. 11+890- 12+810) e Santa Baia (pp.qq. 9+100-11+120), nos concellos do Pereiro de Aguiar e Esgos (Ourense).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

- Decreto polo que se nomea reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela ao profesor doutor Antonio López Díaz.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a entidade pública empresarial Augas de Galicia e a Asociación Enxeñería sen Fronteiras Galicia para o proxecto de fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (Aqua-Moz Secara 3ª fase), por un importe total de cento vinte e cinco mil euros (125.000 €).
- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas ao abeiro da orde da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación, e se

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

procede á súa convocatoria para o ano 2022, por un importe total de cinco millóns catrocentos mil euros (5.400.000 €).

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Asociación Galega da Propiedade Balnearia e a Axencia Turismo de Galicia para a renovación e o desenvolvemento da Cátedra Institucional de Hidroloxía Médica da USC, por importe total de cento sesenta mil euros (160.000 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Innovación da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, para a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a exención da presentación de garantías na convocatoria de axudas para o fomento da contratación de profesionais de alta cualificación para a realización de actividades de I+D+i e transferencia nas empresas e organismos de investigación en Galicia, programa Talento Sénior, por un importe total de novecentos sesenta mil euros (960.000 €).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra de urbanización do polígono 1, fases A e B do Plan parcial de Navia, Vigo, cun orzamento de licitación de once millóns catrocentos cincuenta e tres mil trinta e catro euros con trece céntimos (11.453.034,13 €), IVE incluído, e un valor estimado de nove millóns catrocentos sesenta e cinco mil trescentos dezasete euros con corenta e seis céntimos (9.465.317,46 €).

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña e a entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (Adif), para a execución da terminal de autobuses, o aparcadoiro de turismos e os elementos comúns da remodelación da estación ferroviaria na súa integración nunha área de intermodalidade de transporte de viaxeiros na Coruña-San Cristóbal, Plan de recuperación, transformación e resiliencia –financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU–, por un importe de corenta e tres millóns douscentos catro mil oitocentos catro euros con oitenta e oito céntimos (43.204.804,88 €, IVE incluído).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza o Servizo Galego de Saúde á concesión de anticipos en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, derivados da orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais, que prevé un importe total de oitocentos corenta e un mil cento setenta e sete euros (841.177 €).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza o inicio de tramitación do anteproxecto de lei da calidade alimentaria de Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe de actuacións de fomento para a recuperación do sector turístico e da hostalaría da provincia de Lugo.
- Informe de seguimento e grao de cumprimento dos plans de sustentabilidade turística en destino da Mariña lucense e da Ribeira Sacra.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre Actuación de banda larga ultrarrápida e cobertura móbil na provincia de Lugo.
- Informe sobre o paquete de medidas que porá en marcha a Xunta para paliar as consecuencias da alza de prezos.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre o solo empresarial na provincia de Lugo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre as actuacións da Xunta de Galicia en Lugo para o fomento da mobilidade sostible. Fondos Next Generation.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a convocatoria de concurso-oposición para o ingreso, como persoal estatutario fixo, na categoría de enfermeira/o.
- Informe sobre a reforma do Centro de Saúde da Milagrosa de Lugo.
- Informe sobre o investimento da obra e do equipamento correspondente á mellora do Servizo de Medicina Nuclear do Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a universalización do primeiro ciclo de educación infantil 0-3 en Galicia.
- Informe sobre o investimento en obras da Consellería de Política Social no concello de Lugo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR DÚAS SENDAS NA ESTRADA OU-536 AO SEU PASO POR SANTA BAIA E AS VENDAS, NOS CONCELLOS DO PEREIRO DE AGUIAR E DE ESGOS

- Estes novos itinerarios suman 3 km de lonxitude e suporán un investimento autonómico superior aos 1,1 M€
- As sendas terán unha anchura mínima de 2 metros e o pavimento de formigón coloreado e de cor natural, que ofrece unha adecuada integración estética e atende as necesidades de persoas con mobilidade reducida
- Logo da análise das achegas recibidas, diminuíuse en máis dun 50% a superficie que se debe expropiar, desde os 10.828 m² previstos no proxecto que se someteu á información pública aos 4.705 m² previstos no documento aprobado
- A actuación favorecerá a mobilidade e mellorará as conexións co transporte público, para o cal se prevé a instalación de catro novas marquesiñas
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé licitar na primavera a execución das obras, que contan cun prazo de 6 meses, para comezalas no outono
- Os itinerarios enmárcase no Plan de sendas de Galicia na comarca de Ourense, que recolle un investimento de 7,1 M€ para a execución de 16 km de novas sendas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a declaración da utilidade pública pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para executar dúas sendas peonís na estrada OU-536, ao seu paso por Santa Baia e As Vendas, nos concellos do Pereiro de Aguiar e de Esgos.

Esta actuación suporá un investimento da Xunta superior aos 1,1 millóns de euros, incluído o pagamento dos 78 predios afectados nesta actuación, que ten como obxectivo dotar dunha maior seguridade os viandantes e, puntualmente, os usuarios da bicicleta non deportivos.

Logo da análise das achegas recibidas, diminuíuse en máis dun 50% a superficie que se vai expropiar, desde os 10.828 m² previstos no documento que se someteu á información pública aos 4.705 m² do proxecto aprobado.

Executaranse dous treitos de senda pola marxe esquerda da estrada OU-536, que suman 3 km de lonxitude. As sendas terán un ancho mínimo variable de 2 metros, separada da estrada por diferentes elementos, e con pavimento en formigón coloreado, para ofrecer

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

unha adecuada integración estética e atender as necesidades das persoas con mobilidade reducida.

O primeiro eixo, en Santa Baia, discorre polo concello do Pereiro de Aguiar e iníciase no punto quilométrico 8+800, na glorieta da OU-536, e finaliza no 11+050. Entre os puntos quilométricos 9+220 e 9+520 redúcense os carrís de circulación a 3 metros de largo para dar cabida á senda sen afectar un muro existente, protexido desde o punto de vista do patrimonio cultural.

O segundo eixo, correspóndese co treito das Vendas, comeza no límite entre os concellos de Esgos e do Pereiro de Aguiar, no punto quilométrico 11+950, no cruzamento de Ordellas, e transcorre integramente polo concello de Esgos ata rematar no punto 12+740, no cruzamento de acceso á Cabalgada.

As actuacións deseñadas pola Xunta buscan favorecer a mobilidade dos veciños da zona, así como unha mellor conexión co transporte público, para o cal se prevé a instalación de catro novas marquesiñas.

Ademais, as obras complementáanse coa execución de cunetas de seguridade, franxa verde e bordo para separar o tráfico rodado dos peóns.

A previsión da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade é licitar na primavera a execución das obras, para comezalas no outono, e xestionar as expropiacións en paralelo ao proceso de adxudicación. Os traballos contan cun prazo de execución de seis meses.

A intervención é susceptible de financiamento con fondos europeos Feder do programa operativo 2014-2020.


Esta nova intervención autorizada hoxe polo Executivo autonómico enmárcase no Plan de sendas da comarca de Ourense, que recolle un investimento de 7,1 M€ en 16 km de novos itinerarios.

O Goberno galego continúa traballando na dotación de sendas nas estradas autonómicas para favorecer os desprazamentos dos cidadáns a pé ou en bicicleta dun xeito máis cómodo e seguro, co fin de fomentar a mobilidade sustentable.

No seguinte plano amósase a situación e o ámbito das actuacións:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O NOMEAMENTO DE ANTONIO LÓPEZ COMO REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Foi elixido pola comunidade universitaria nas eleccións do pasado 23 de febreiro

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o Decreto polo que se nomea reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (USC) o profesor doutor Antonio López Díaz. Este nomeamento prodúcese despois de que fose elixido nas eleccións á Reitoría o pasado 23 de febreiro.

É a segunda vez que Antonio López é elixido reitor da USC. Nado en Barreiros en 1964, é doutor en dereito pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrático de dereito financeiro e tributario. Desde a súa licenciatura ata a actualidade desenvolveu unha intensa carreira docente e investigadora con numerosas publicacións e estadías nas universidades de São Paulo, Montevideo e Boloña.

Ademais da súa carreira docente e investigadora, ten desempeñado diferentes traballos no eido da xestión, como o de director do Departamento de Dereito Público Especial, secretario da Comisión de Doutoramento, vicerreitor de Coordinación do Campus de Compostela e vicerreitor de Xestión de Infraestruturas (1998-2002), de decano da Facultade de Dereito (2005-2007), así como no Consello de Contas (2007-2013), do que foi conselleiro maior entre 2007 e 2010. Nos últimos catro anos foi reitor da USC.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA APROBA O CONVENIO COA ASOCIACIÓN ENXEÑERÍA SEN FRONTEIRAS GALICIA PARA A MELLORA DA XESTIÓN DOS RECURSOS HÍDRICOS EN MOZAMBIQUE

O proxecto pretende contribuír á mitigación dos impactos dos eventos da seca en Mozambique, fortalecendo a Administración Rexional de Augas do Sur e a Administración Rexional de Augas do Norte.

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a sinatura do convenio de colaboración coa Enxeñería sen Fronteiras Galicia para o proxecto de fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique, por importe de 125.000 euros.

O proxecto ten como obxectivo xeral contribuír á prevención e mitigación dos impactos do cambio climático en Mozambique en relación cos derivados de eventos hidrolóxicos extremos e a escaseza de auga, a través do fortalecemento das capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos con enfoque de bacía en Mozambique.

O presente proxecto Aqua-Moz, Secara 3ª fase é a continuidade das anteriores accións desenvolvidas no marco do convenio asinado o 6 de agosto de 2019 e o 15 de marzo de 2021, no marco da xestión da seca en Mozambique. O proxecto pretende contribuír, no marco da loita e prevención contra os efectos do cambio climático, á mitigación dos impactos dos eventos da seca en Mozambique, fortalecendo a Administración Rexional de Augas do Sur e a Administración Rexional de Augas do Norte.

No ano 2019, durante a primeira fase de execución do proxecto, identificouse e comezouse a desenvolver a liña de acción centrada na seca, coa cal se traballou no desenvolvemento e na implementación dun sistema de monitoraxe da seca na bacía dos ríos Umbeluzi e Incomati; definíronse os procedementos xerais de xestión e do funcionamento interno da ARA Sur en relación coa xestión da seca, e mellorouse a monitoraxe do estado dos encoros. Este traballo continuouse na segunda fase, na cal as accións se centraron na ampliación das bacías monitoradas e na mellora dos procedementos de xestión.

Nesta terceira fase inclúese como socia líder a asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia. Nas dúas primeiras edicións, o deseño e a implementación técnica fixéronse baixo o liderado da UdC /FUAC, que na presente edición unicamente ten presenza como

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

entidade colaboradora, a través do Grupo de Enxeñaría da Auga e Medio Ambiente (GEAMA) pertencente a esa universidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INCREMENTA NUN 8% AS AXUDAS PARA OS PROXECTOS DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO NO EXTERIOR DAS ONGD E DOS AXENTES DE COOPERACIÓN

- Coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos, poderanse financiar como máximo dous proxectos, tanto no caso de execución por parte de ONGD como doutros axentes, ben sexa individuais ou en agrupación
- Financiaranse proxectos para propiciar o desenvolvemento integral dos países de intervención, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corrixir as situacións de pobreza
- A convocatoria de subvencións para proxectos de cooperación no exterior de ONGD vén publicándose anualmente desde o ano 1995, e a de axudas para proxectos no exterior de outros axentes, desde o ano 2003

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e, se procede, a súa convocatoria para o ano 2022, por un importe total de 5,4 M€, dos cales 4,7 M€ euros son para proxectos no exterior de ONGD, e 700.000 € para proxectos no exterior doutros axentes.

A través desta orde financiaranse proxectos cuxo obxectivo é o de propiciar o desenvolvemento integral dos países de intervención, contribuír á mellora das condicións de vida dos seus habitantes e aliviar e corrixir as situacións de pobreza para acadar un desenvolvemento humano solidario, mediante actuacións para dar cobertura as necesidades sociais básicas, como a educación, o abastecemento de auga e saneamento, a xestión de recursos hídricos, a saúde xeral ou a habitabilidade. O proxecto inclúe tamén a promoción do tecido económico, concretamente na agricultura, no desenvolvemento rural, na pesca e na acuicultura.

A dotación total da convocatoria increméntase nun 8% ata os 5,4 millóns de euros, e, como novidade desta convocatoria, poderase solicitar o anticipo previsto para a segunda anualidade antes de ter xustificado o 100% da primeira. As axudas están destinadas a financiar proxectos no exterior executados polas organizacións Non Governamentais de Cooperación ao Desenvolvemento (ONGD) e proxectos no exterior executados polos outros axentes de cooperación recoñecidos pola Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento á Comunidade Autónoma de Galicia (universidades, empresas, sindicatos, fundacións, comunidade galegas no exterior, etc).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Coa finalidade de acadar unha maior redistribución dos fondos, poderanse financiar como máximo dous proxectos, tanto no caso de execución por parte de ONGD como doutros axentes, ben sexan individuais o en agrupación, sempre que un dos proxectos, polo menos, sexa executado nun país definido como prioritario no IV Plan director da cooperación galega (actualmente, Nicaragua, Guatemala, Honduras, O Salvador, A República Dominicana, Perú, Ecuador, Bolivia, Mozambique, Guinea Bissau e Cabo Verde). Igual ca na convocatoria de 2021, a subvención distribúese do seguinte modo: un 40% en 2022 e un 60% en 2023.

A convocatoria de subvencións para proxectos de cooperación no exterior de ONGD vén publicándose anualmente desde o ano 1995, e a de axudas para proxectos no exterior doutros axentes, desde o ano 2003.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA RENOVA O CONVENIO COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DA CÁTEDRA HIDROLÓXICA PARA O ESTUDO DE AUGAS MINEROMEDICINAIS

O convenio asínase ata 2025 entre a Asociación Galega da Propiedade Balnearia e a USC co obxectivo de seguir promovendo a investigación e a promoción a nivel médico e universitario das características e propiedades médicas das augas mineromedicinais galegas

O Consello da Xunta acaba de autorizar a renovación da subscrición do convenio plurianual de colaboración para o desenvolvemento da Cátedra Institucional de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago de Compostela, por importe de 160.000 euros.

A cátedra, impulsada en 2009 pola Asociación Galega de Propiedade Balnearia e a USC, conta desde 2014 co apoio da Xunta de Galicia coa finalidade de garantir o desenvolvemento de actividades e investigacións que permitan promover o uso e o coñecemento médico das augas mineromedicinais.

Con esta dotación económica, que se traducirá nunha achega anual de 40.000 euros, o Goberno galego garante a súa aposta polo desenvolvemento do sector termal galego, tamén desde un punto de vista médico e científico. A través deste convenio garántese o funcionamento da Cátedra de Hidroloxía da USC, que ten entre as súas funcións o desenvolvemento de xornadas e actividades académicas que contribúan ao debate médico e universitario arredor das características e aplicacións terapéuticas das augas mineromedicinais, así como a difusión e o coñecemento das investigacións realizadas.

A través da sinatura deste novo convenio, a Xunta leva investidos 350.000 euros no impulso desta cátedra institucional no marco do apoio ás iniciativas conducentes á formación de profesionais de alto nivel para a dirección e a planificación de actividades, empresas e entidades turísticas, e á formación de expertos que orienten a súa carreira profesional ao ámbito da investigación nesta área, por considerar que o turismo e, en concreto, o turismo termal é un sector clave no desenvolvemento económico e social de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA PREVÉ ATRAER 14 NOVOS PROFESIONAIS DE ALTA CUALIFICACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE I+D+I EN GALICIA

- O programa Talento Sénior contará nesta quinta edición cun orzamento de 960.000 euros e está dirixido a empresas, organismos de investigación e centros tecnolóxicos
- Co obxectivo de contar cun sistema de innovación o máis igualitario posible inclúense criterios de baremación que fomentan a incorporación da muller
- Desde a súa posta en marcha xa se logrou a incorporación de 47 profesionais cun apoio de 4,8 millóns de euros

O Consello da Xunta de Galicia acordou, na súa reunión desta mañá, realizar unha nova convocatoria do programa Talento Sénior, co obxectivo de atraer cara a Galicia 14 profesionais de alta cualificación cunha experiencia mínima de cinco anos.

O programa, que conta nesta quinta edición cun orzamento de 960.000 euros, está destinado a empresas, organismos de investigación e centros tecnolóxicos para que poidan contratar persoal tecnólogo ou doutor en proxectos de I+D+i. O principal obxectivo é apoiar tanto a atracción como o retorno profesional do persoal investigador, para que poidan desenvolver en Galicia a súa carreira e estimular, deste xeito, a demanda no sector público e privado de profesionais de alta cualificación.

As axudas, en concorrencia competitiva, apoian contratos dun período mínimo de tres anos de duración; os incentivos variarán entre un 40% e 60% en función da retribución bruta -que será dun mínimo de 40.000 euros-; primarase o retorno a Galicia de profesionais; e cada entidade poderá acceder a un máximo de dous contratos. Na baremación teranse en conta aspectos como o perfil da persoa que se vai contratar, a condición de retorno e atracción, a traxectoria internacional do perfil, a calidade e o impacto do proxecto de I+D+i proposto e do plan de traballo, os anos de experiencia profesional exixidos, así como a presentación dun plan de igualdade de xénero.

De feito, a convocatoria trata de fomentar o emprego feminino e a incorporación das mulleres nas actividades de I+D+i, incluíndo esta cuestión nos criterios de baremación. O obxectivo é conseguir un sistema de innovación o máis igualitario posible en Galicia, no cal se poida desenvolver todo o talento á marxe do xénero.

Unha das novidades é que, en situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

paternidade, se suspenderá o cómputo da duración do contrato e prorrogarase o prazo de execución da axuda correspondente ao tempo de suspensión.

Grazas ás convocatorias anteriores, xa se incorporaron 47 profesionais cualificados a actividades de I+D+i no ecosistema galego (30 en empresas e 17 en centros de coñecemento), cun apoio de 4,8 M€ que mobilizaron o dobre: 9,6 millóns. Os especialistas contratados contan cunha media de 10 anos de experiencia profesional en diferentes ámbitos da I+D+i e desenvolven a súa actividade en sectores como o biotecnolóxico, a enerxía, o medio ambiente, a saúde, a fabricación industrial, os servizos profesionais científicos e técnicos ou as TIC.

Esta axuda enmárcase na aposta que desde a Xunta de Galicia se está a realizar pola promoción do talento e, en concreto, no eido da investigación e a innovación, con programas como Principia -que sumou 627 contratos de menores de 35 anos desde 2016-; o de doutoramento industrial -posto en marcha o pasado ano coa contratación de 15 estudantes de doutoramento en empresas e centros tecnolóxicos-; Oportunius -nove contratos a ganadores ERC e apoio a outros 25-; ou Ignicia, que nas súas tres edicións permitiu crear ou manter 146 postos de traballo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A LICITACIÓN DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DO PRIMEIRO POLÍGONO DE SAN PAIO DE NAVIA, EN VIGO, POR 11,5 MILLÓNS DE EUROS

- Os traballos que se van desenvolver son a pavimentación, sinalización de vías, accesibilidade, xardinaría, o equipamento urbano e a construción das redes de abastecemento, saneamento, enerxía eléctrica, iluminación, gas e telecomunicacións
- Nesta fase está prevista a construción de 733 vivendas protexidas: 207 de promoción pública, 331 que construírán cooperativas e promotores e 195 de permutas de solo
- A Xunta lamenta que o atraso acumulado e os constantes cambios de criterios do Concello xa supoñen un custo engadido de 2,4 M€ para as arcas autonómicas

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe a licitación das obras de urbanización do primeiro dos tres polígonos en que se divide a ampliación de San Paio de Navia, en Vigo, cun importe base de 11.453.034,13 millóns de euros, o que suporá dar un paso máis no desenvolvemento desta gran bolsa de solo residencial.

O polígono 1 abrangue máis dun terzo da superficie total, 99.165 m², e nel están previstos traballos de pavimentación, sinalización de vías e semaforización, accesibilidade, xardinaría —222 árbores e 9.900 m² de céspede—, equipamento urbano —incluídas áreas de xogo e exercicio—, e a construción das redes de abastecemento, saneamento, enerxía eléctrica, iluminación, gas e telecomunicacións.

Deste xeito, habilitarase o ámbito para a construción de 733 vivendas protexidas, cuxas obras se poderán ir acompasando ás devanditas actuacións de urbanización. Deses inmobles, 207 son de promoción pública, é dicir, construídos pola Xunta de Galicia; 331 serán levantados por cooperativas e promotores e 195 corresponden ás permutas de solo.

Cómpre lembrar que o Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) xa licitou en xaneiro a redacción do proxecto e a dirección de obra das primeiras 79 vivendas de promoción pública, e ten prevista a licitación das restantes 128 no vindeiro mes de abril. En total, o investimento total estimado das 207 VPP é de 28,5 millóns de euros.

Así mesmo, a Xunta ten preparada a convocatoria do concurso para a adxudicación das parcelas dispoñibles no polígono 1, un total de 98, cunha superficie total de 22.584 m², e que permitirán a construción de 331 vivendas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No concurso terán preferencia aqueles proxectos de inmobles destinados ao alugamento social con solo adxudicado en dereito de superficie. De feito, de ser así, as cooperativas e os promotores poderán acceder ás axudas de fondos europeos que convocará proximamente a Xunta de Galicia: 700 €/m², ata un máximo de 50.000 € por vivenda.

Non obstante, cómpre lembrar que as obras de urbanización e as de construción de vivenda non se poderán adxudicar, así como tampouco convocar o concurso de solo, ata a aprobación do proxecto de urbanización do polígono 1 por parte do Concello de Vigo, a quen lle foi presentado hai case un ano, en abril de 2021, pouco antes de que lle foran remitidos tamén os documentos das dúas fases restantes.

Dilatación dos trámites e incremento do importe de licitación

Desde entón, o Concello realizou multitude de requirimentos que foron dilatando o tempo de tramitación para a súa aprobación e, nalgúns casos, mesmo incluíron cambios de criterio sobre outros anteriores ou a inclusión de elementos que non foran requiridos con anterioridade.

En menos dun ano, a Xunta tivo que responder ata tres veces aos sucesivos informes e observacións recibidos por parte de diferentes departamentos municipais e das empresas subministradoras de servizos, sen que o Concello fose capaz de emitir un único documento con todos os seus requirimentos aos tres proxectos de Navia.

De feito, o IGVS reuniuse dúas veces o pasado mes de xaneiro con técnicos municipais e doutros organismos para concretar os informes pendentes, resolver algunhas dúbidas e desbloquear cuestións puntuais expostas por Aqualia con relación ao abastecemento.

Neste sentido, e para adaptarse á preferencia manifestada polo Concello, a Xunta aceptou durante a última destas reunións cambiar a rede de abastecemento de polietileno a fundición, un xesto de boa vontade, co fin de desbloquear o proxecto, a pesar de que o propio representante de Aqualia recoñeceu que non podían exixir a execución da rede en fundición.

Algo parecido ocorreu coa capa de rodadura das vías, outro asunto no cal o IGVS aceptou ceder e adaptarse ás preferencias manifestadas *a posteriori* polo Concello, que pediu incrementar o espesor desta por riba do que exige a normativa.

Estes dous cambios solicitados polo Goberno local, máis aló das exixencias legalmente establecidas, non só contribuíron a dilatar a propia tramitación, obrigando os redactores a facer novos cálculos e adaptar os tres proxectos orixinais a eles, senón que tamén carrexan un aumento dos custos previstos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, só modificar o material de toda a rede de abastecemento dos tres polígonos e o aumento da capa de rodadura supuxo para a Xunta ter que incrementar en case 1,9 millóns de euros o prezo base de licitación da urbanización de Navia. Un incremento que, sumado ao dos prezos dos materiais de construción, foi en total de 2,4 millóns de euros.

Así, cando o prezo base da urbanización de todo o ámbito era en abril de 2021 de 24,6 millóns de euros, agora xa ascende a 27 millóns de euros, case un 10% máis.

O ámbito da ampliación de San Paio de Navia abrangue unha superficie de 265.000 m² e nel prevese un investimento público-privado de 250 millóns de euros co fin de habilitar un total de 1.600 novas vivendas protexidas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA AUTORIZA O CONVENIO CO CONCELLO DA CORUÑA E CON ADIF PARA EXECUTAR A TERMINAL DE AUTOBUSES, O APARCADOIRO E OS ELEMENTOS COMÚNS DA ESTACIÓN INTERMODAL, CUN INVESTIMENTO DE 43,2 M€

- Unha vez formalizado o acordo, a Xunta de Galicia licitará as obras da estación de autobuses co aparcadoiro de turismos, cun investimento de 32,4 M€, que executará asumindo o 60% do importe
- Contratará, ademais, as obras dos elementos comúns entre a estación de autobuses e a nova estación ferroviaria, cun investimento de 10,8 M€, que cofinanciarán as tres administracións. A Xunta achegará o 10% do importe
- A terminal de autobuses acometerase en paralelo á avenida da Sardiñeira, cun edificio de 2.500 m² e 20 dársenas, sobre un aparcadoiro con 325 prazas para turismos e 44 para vehículos de alugamento
- Os accesos polas avenidas da Sardiñeira e do Ferrocarril serán executados e financiados polo Concello da Coruña, cunha achega de 4 M€
- A remodelación da estación ferroviaria corresponderalle a ADIF, que deberá contratar e executar as actuacións, que suporán un investimento de preto de 50 M€
- O Consello da Xunta autoriza o convenio unha vez que dispón da imprescindible garantía de crédito orzamentario no Concello da Coruña para asumir os compromisos previstos

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio co Concello da Coruña e ADIF para a execución da terminal de autobuses, o aparcadoiro e os elementos comúns da reforma ferroviaria que configurarán a estación intermodal da cidade, cun investimento de máis de 43,2 millóns de euros.

Este orzamento será cofinanciado no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, a través dos fondos Next Generation EU.

A Xunta aprobou no mes de xaneiro o proxecto da estación de autobuses e do aparcadoiro da intermodal, que executará e suporá un investimento de 32,4 millóns de euros. O Executivo autonómico asumirá o 60% do orzamento e o Concello contribuirá co 40%.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego prevé licitar as obras unha vez que se asine o convenio co Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e co Concello para a execución e financiamento destes traballos.

En concreto, a Xunta licitará as obras da estación de autobuses co aparcadoiro de turismos, cun investimento de 32,4 M€, que executará asumindo o 60% do importe, mentres que o 40% será financiado polo Concello.

A Administración autonómica contratará tamén as obras dos elementos comúns entre a estación de autobuses e a nova estación ferroviaria, cun investimento de 10,8 M€, que cofinanciarán as tres administracións; a Xunta achegará o 10% do importe, outro 10% o Concello da Coruña e o 80% ADIF.

Neste sentido, a Xunta prevé investir un total de preto de 20,5 M€ na estación intermodal da Coruña.

O Consello da Xunta autoriza o convenio unha vez que dispón da imprescindible garantía de crédito orzamentario no Concello da Coruña para asumir os compromisos previstos.

O proxecto da estación intermodal da Coruña conta xa coa aprobación urbanística logo da súa tramitación ao abeiro da Lei 3/2016, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou excepcional interese, e de ser aprobado polo Consello da Xunta.

En relación cos accesos nas avenidas da Sardiñeira e do Ferrocarril, serán executados e financiados polo Concello da Coruña, cunha achega de 4 millóns de euros.

A remodelación da estación ferroviaria corresponderalle a ADIF, que investirá preto de 50 millóns de euros.

Estación de autobuses

A estación de autobuses desenvolverase en paralelo á avenida da Sardiñeira e á traza ferroviaria, sobre unha parcela de 21.000 metros cadrados e estará dividida en dous niveis: no superior situarase a estación propiamente dita, co edificio de viaxeiros e a zona de dársenas, ademais da pasarela peonil de comunicación coa avenida do ferrocarril, e no inferior, a cota variable, situarase o aparcadoiro, a zona de comunicación peonil coa estación e as dársenas de regulación.

O acceso peonil ao novo edificio da estación de autobuses poderá realizarse desde a avenida da Sardiñeira, a través da pasarela peonil de conexión coa avenida do Ferrocarril, ou desde a propia estación de tren e o aparcadoiro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os autobuses accederán por un ramal da glorieta que se prevé construír na avenida da Sardiñeira, desde a cal se poderán dirixir tanto á zona das dársenas como ao aparcadoiro de regulación, no suroeste da parcela.

Os vehículos dirixiranse ao aparcadoiro desde a futura glorieta da Sardiñeira ou desde a glorieta da avenida do Ferrocarril, a través do túnel que se prevé executar baixo a estación de San Cristóbal.

O edificio da estación terá 2.500 metros cadrados, distribuídos en tres andares. O andar máis alto será de acceso restrinxido ao persoal autorizado e acollerá as instalacións e os cuartos técnicos. No andar baixo, desde o vestíbulo, accederase a unha zona de circulación e espera, cun desenvolvemento lonxitudinal arredor do cal se disporán a cafetería, as consignas, os aseos, a sala de seguridade, facturación, ademais doutras oficinas privadas.

A zona de dársenas estará á cota do andar baixo do edificio, de forma que serán os autobuses e non os viaxeiros a pé os que circulen baixo a terminal para entrar e saír. A estación contará con 20 dársenas de operación e unha zona de regulación no aparcadoiro, con máis de 20 prazas.

O aparcadoiro de turismos dispón de 325 prazas de estacionamento, máis 44 para vehículos de alugamento, das cales unha porcentaxe se reservará para persoas con mobilidade reducida, para familias e embarazadas e para coches de carga eléctrica. Así mesmo, proxéctase habilitar prazas para motocicletas.

Imaxes do proxecto da nova estación de autobuses:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVISTE PRETO DE 850.000 EUROS EN PROGRAMAS SOCIOSANITARIOS NO ÁMBITO DOS TRASTORNOS MENTAIS

- Adianta en tres meses a convocatoria respecto da do ano pasado para facilitar a execución dos fondos por parte das entidades, que contarán co anticipo do 100% da subvención no momento da notificación da concesión
- O Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19, período 2020-2024, ten como obxectivo principal realizar accións que melloren a asistencia aos trastornos mentais e diminúan o impacto que producen na persoa afectada e nos seus achegados, especialmente tras a incidencia da pandemia

O Consello da Xunta autorizou a convocatoria para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario no ámbito dos trastornos mentais. Para esta convocatoria, destinada ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, a Xunta de Galicia investirá un total de 841.177 euros. Por segundo ano consecutivo, logo da aprobación do Plan de saúde mental de Galicia, o Executivo galego convoca axudas de máis de 800.000 euros para financiar as entidades sociais deste sector.

Nesta ocasión, a Xunta de Galicia adianta en tres meses a convocatoria respecto da do ano pasado, para facilitar a execución dos fondos por parte das entidades. Ademais, anticipará ás entidades beneficiarias o 100% da subvención no momento da notificación da concesión; a xustificación será posterior á realización das actividades.

A convocatoria, igual ca o ano pasado, desenvolverase na modalidade de concorrencia competitiva e poden acceder a ela aquelas entidades sociais sen ánimo de lucro que promovan novas estratexias que dean resposta ás necesidades da poboación que sofren doenzas de tipo mental. Este modelo, ademais de dar continuidade á tipoloxía de programas tradicionalmente financiados, permite que se incorporen outros novos, vista a necesidade social actual.

As iniciativas susceptibles da concesión destas axudas atópanse divididas en cinco liñas de actuación. Concretamente, proxectos de investimento en melloras nos centros sanitarios cuxa actividade asistencial principal sexa o desenvolvemento de programas asistenciais e psicosociais ou preventivos en materia de trastornos mentais, programas de intervención comunitaria en persoas con trastorno mental severo, programas de prevención de recaídas no alcoholismo e adicións comportamentais, programas de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

incorporación social e fomento do emprego en persoas con trastornos mentais e programas de prevención do suicidio, esta última liña é incorporada como novidade o pasado ano. A convocatoria de 2021 permitiu financiar máis de 40 programas para trastornos mentais, dentro destas cinco liñas de actuación, cun importe superior aos 800.000 euros.

Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19, período 2020-2024

O investimento nesta convocatoria de axudas forma parte do orzamento de 83 millóns de euros do Plan de saúde mental de Galicia poscovid-19, cuxo obxectivo principal é realizar accións que melloren a asistencia dos trastornos mentais, así como diminuír o impacto destas doenzas, tanto nas persoas que as sofren como nos seus achegados. Neste ano 2022, os danos producidos pola pandemia seguen a facer necesario un apoio especial a todos os tipos de trastornos mentais, incluídos os adictivos.

O plan recolle un incremento en materia de persoal. O Servizo Galego de Saúde xa ten contratados a 100 novos profesionais para cubrir as novas prazas creadas nos orzamentos de 2020 e 2021 para especialistas en saúde mental (psiquiatría, psicoloxía clínica, enfermaría especialista, traballo social, terapia ocupacional...), o que supón ter incrementado o investimento anual en persoal de saúde mental en máis de 5 millóns de euros. O obxectivo ao final do plan é ter incorporado 241 novas prazas, co que o reforzo anual no investimento de persoal chegará aos 11 millóns de euros.

Este orzamento cobre tamén o aumento progresivo das prazas en centros de rehabilitación, pisos protexidos ou centros residenciais. Neste ano 2022, a Xunta destina a este fin 8,1 millóns de euros, un importe máis dun 30% superior á contía en 2020 (6,1 millóns). O obxectivo aquí é chegar en 2024 a un orzamento neste eido un 55% maior ca o de 2020, superados os 9,5 millóns anuais. Isto supón acadar 320 prazas máis, é dicir, lograr superar as 1.500.

O plan recolle tamén o orzamento en materia de infraestruturas. Nestes orzamentos para 2022 inclúense 500.000 euros para iniciar as actuacións de remodelación no Hospital Psiquiátrico de Conxo, na liña definida xunto co Defensor do Pobo. E tamén está en marcha a creación da nova unidade de hospitalización psiquiátrica infanto-xuvenil de agudos do Hospital Álvaro Cunqueiro, que será a segunda de Galicia e referente para toda a zona sur, que vai ter un investimento de preto de 1 millón de euros e duplicará as capacidades de Galicia neste eido.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, cómpre tamén destacar que, neste ano houbo un reforzo importante noutras axudas sociosanitarias do Servizo Galego de Saúde, as axudas a programas de incorporación social en vivendas para pacientes estabilizados nas unidades asistenciais con especialización en drogodependencias, que aumentaron nun 10%, ata os 253.000 €, e financiaron cinco programas en 2021.

Así mesmo, as axudas para programas de atención sociosanitaria asociados ao dano cerebral adquirido, enfermidades raras, trastorno do espectro autista, trastornos da conduta alimentaria, parálise cerebral, linfedema, epilepsia e enfermidades neurodexenerativas subiron un 40%, ata os 250.000 €. Este importe contribuíu a que, no pasado ano 2021, 18 entidades puidesen levar a cabo os seus programas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOSTA POR DIFERENCIAR A CALIDADE E A SUSTENTABILIDADE DOS PRODUTOS ALIMENTARIOS GALEGOS NA NOVA LEI DA CALIDADE ALIMENTARIA

- O Consello do Goberno galego deulle hoxe o visto e prace ao inicio da tramitación deste anteproxecto de lei, co obxectivo de ter aprobada este ano a norma que virá actualizar a Lei de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, en vigor desde 2005
- O texto aposta por reforzar a seguridade xurídica dos produtores e das empresas e por aumentar as garantías aos consumidores
- Con esta norma, Galicia convértese na primeira comunidade autónoma que regula unha certificación de sustentabilidade para a produción alimentaria
- Entre as novidades destaca tamén a creación de dous órganos de consulta e participación do propio sector, así como o fomento da compra ou contratación pública de produtos e servizos alimentarios cun impacto ambiental reducido
- A futura lei consagra e potencia a Axencia Galega da Calidade Alimentaria como eixo fundamental de toda a calidade alimentaria de Galicia, que asume moitas e importantes funcións neste sentido

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace ao inicio da tramitación do anteproxecto da Lei da calidade alimentaria de Galicia, coa finalidade de ter aprobada a norma neste ano 2022 para actualizar o marco normativo da nosa comunidade referido ao impulso da calidade dos produtos alimentarios que se producen ou comercializan no noso territorio.

O grande obxectivo da nova lei é que os produtos alimentarios galegos alcancen unha nova dimensión no mercado, máis competitiva e atractiva para a cidadanía e, en consecuencia, favorecer tamén o desenvolvemento local, a creación de emprego e a diversidade produtiva. Ao tempo, búscase achegar ás persoas consumidoras todas as garantías de que o produto que se ofrece pasou rigorosos controis de calidade e estivo sometido a un especial coidado no proceso de produción e comercialización.

Obxectivos e novidades da lei

A Lei da calidade alimentaria de Galicia persegue establecer o marco normativo que permita asegurar a calidade dos produtos alimentarios producidos, elaborados ou comercializados en Galicia e a súa conformidade coa normativa de aplicación, en defensa da lealdade das transaccións comerciais e dos dereitos e intereses lexítimos dos produtores primarios, operadores económicos e profesionais do sector, así como das persoas consumidoras finais. Tamén quere fomentar, potenciar e garantir a produción de alimentos de calidade diferenciada en Galicia e regular o funcionamento dos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

consellos reguladores como entidades de xestión de figuras de protección da calidade diferenciada.

Así mesmo, búscase establecer as obrigas dos operadores do sector en relación coa súa actividade como produtores, elaboradores e comercializadores de produtos alimentarios, así como regular a actuación de inspección e control da Administración autonómica e establecer o réxime sancionador ante ilegalidades. Tamén mellorar a eficacia do sistema de control oficial e perseguir as prácticas fraudulentas.

Baixo estas premisas, a nova norma recolle a regulación do fomento e do desenvolvemento da produción amparada polos distintivos de calidade diferenciada - como as denominacións de orixe ou as indicacións xeográficas protexidas-, que recoñecen uns altos estándares de calidade e permítenlles ás persoas consumidoras recoñecer no mercado estes produtos con maior valor engadido. Tamén inclúe a definición da calidade estándar e da calidade diferenciada (en función de se as características cualitativas dun produto son consecuencia do cumprimento de requisitos obrigatorios ou de normas de carácter voluntario) e especifica as competencias e organización administrativa ao respecto, coa Axencia Galega da Calidade Alimentaria como responsable da promoción e do control da produción agroalimentaria galega. Nesta liña, a futura lei consagra e potencia esta axencia como eixo fundamental de toda a calidade alimentaria de Galicia, que asume moitas e importantes funcións que non estaban reguladas ata agora na normativa, xa que esta entidade -creada no ano 2018- non existía na anterior lexislación.

Participación do sector

Entre as novidades máis destacables, a lei crea dous novos órganos de consulta e participación do propio sector. Por unha banda, o Consello Alimentario de Galicia, que será un órgano colexiado de asesoramento, apoio e proposta para os asuntos referidos á ordenación, promoción, fomento e desenvolvemento da calidade alimentaria na nosa Comunidade. Por outra, a Mesa da Calidade Alimentaria Diferenciada de Galicia, que servirá de asesoramento e impulso do sector alimentario da calidade diferenciada.

Asemade, a norma regulará de xeito innovador a promoción de marcas de garantía sectoriais e dunha marca global para toda a produción alimentaria galega que conte con requisitos de calidade específicos. Ademais, o anteproxecto regula -de forma máis extensa que na lexislación actual- o sistema de autocontrol das persoas operadoras, as medidas de fomento da calidade alimentaria e a promoción do cooperativismo no sector alimentario. Así mesmo, avoga de xeito importante pola compra ou contratación pública verde de produtos alimentarios, como instrumento mediante o cal as autoridades

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

públicas poderán adquirir produtos e servizos alimentarios cun impacto ambiental reducido, atendendo así mesmo a criterios sociais e de calidade diferenciada.

Adicionalmente, a Xunta aposta por establecer un sistema de certificación da sustentabilidade baseado nun conxunto de normas encamiñadas a garantir o respecto ao ambiente, a calidade e a seguridade alimentaria, a protección das persoas traballadoras e a cidadanía, e unha renda adecuada para os diferentes elos da cadea de valor, especialmente no caso dos operadores primarios. A adhesión a este sistema de certificación será voluntaria e será recoñecible cun logotipo específico. Desta forma, Galicia convértese na primeira comunidade autónoma que regula unha certificación de sustentabilidade para a produción alimentaria.

En relación cos consellos reguladores, avógase por unha adaptación ao novo marco legal afondando na súa profesionalización, especialmente no caso dos de menor tamaño, na procura da súa consolidación como eixos fundamentais da calidade diferenciada galega. Así, establécese que a Axencia Galega da Calidade Alimentaria apoiará estas entidades para avanzar nese proceso de maior profesionalización, co obxectivo final de impulsar a calidade diferenciada galega como referente de calidade e valor engadido.

Respecto das funcións de inspección e control da Administración autonómica, faise unha nova regulación dos procedementos de análise e toma de mostras, engadindo previsións que concretan a súa forma de realización, mesmo das mostras dos produtos comercializados pola internet. Sobre as entidades que levan a cabo o control e a certificación, cando exerzan actividades relacionadas coa verificación do cumprimento de esquemas de certificación públicos (como a produción integrada, a etiquetaxe facultativa de carne de aves, as especialidades tradicionais garantidas, etc.), deberán realizar unha declaración responsable ante a autoridade competente e pasar a formar parte dun rexistro de entidades de certificación, que servirá para a supervisión da súa actividade.

Ademais, cabe sinalar que a nova lei recolle unha revisión do catálogo de infraccións e do procedemento sancionador e adecúao á realidade actual, tendo en conta -entre outras cuestións- o cada vez maior volume de vendas que se realizan a través de páxinas web e mediante o comercio electrónico. Nesa liña, prevese que o réxime de infraccións e sancións se aplicará tamén ao viño e aos produtos derivados da uva e do viño e, en particular, ao vinagre de viño, á augardente de bagazo e ao mosto, excluídos na actual lexislación autonómica. Así mesmo, inclúese un réxime de infraccións e sancións específico no ámbito da clasificación de canais de gando vacún e porcino, non previsto ata agora.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Actualización do marco normativo

Con esta norma búscase actualizar a Lei 2/2005, do 18 de febreiro, de promoción e defensa da calidade alimentaria galega, para dar resposta aos cambios experimentados na produción e comercialización alimentaria, á incorporación das novas tecnoloxías e de diferentes formas de comercialización, así como ao incremento dos intercambios entre estados. Nesa liña, cómpre acometer unha adaptación da normativa á nova situación e establecer medidas que permitan mellorar o control dos alimentos destinados á Comunidade galega ou procedentes dela.

Así mesmo, cabe engadir que tamén se produciron cambios no marco legal comunitario e español en materia de regulación da calidade alimentaria, que fan preciso proceder a esta nova regulación. Nesa dirección, é necesario sistematizar nunha única disposición a complexa normativa na materia da calidade alimentaria, para dar unha maior seguridade xurídica aos operadores e axentes que actúan na nosa Comunidade, ao tempo que se dá resposta á demanda da cidadanía, cada vez máis interesada en acceder con todas as garantías a produtos alimentarios de calidade, sustentables e de proximidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA INVESTIU CASE 19 M€ NA RECUPERACIÓN E REACTIVACIÓN DO TECIDO TURÍSTICO DA PROVINCIA DE LUGO

- No ano 2021 puxéronse en marcha unha ducia de liñas de axuda e asináronse 10 convenios que se materializaron nun investimento de 6,5 M€, aos cales hai que sumar o programa *O Teu Xacobeo*, que permitiu investir na provincia 1,1 M€
- O plan de rescate do Goberno galego para garantir a supervivencia do sector da hostalaría supuxo a maiores un investimento na provincia de case 11,2 M€

O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe o visto e prace ao informe de actuacións de fomento para a recuperación do sector turístico e da hostalaría na provincia de Lugo, que se materializou o ano pasado nun investimento de case 19 millóns de euros, sumando as liñas de axudas habilitadas na provincia, os convenios asinados con diferentes entidades, o plan de rescate e a incidencia de programas como *O Teu Xacobeo*.

Como consecuencia da pandemia, a Axencia Turismo de Galicia estableceu como prioridade a posta en marcha de medidas orientadas a garantir a supervivencia do sector turístico e dos seus negocios, así como a súa reactivación baixo os paradigmas de rendibilidade, calidade e sustentabilidade.

Nese contexto, a Xunta puxo en marcha no ano 2021 un plan de rescate co investimento de máis de 120 millóns de euros, entre os 90 millóns específicos para a hostalaría e os 35,7 millóns do plan de choque para o reforzo do sector turístico.

O plan de choque recolleu diferentes liñas de axudas e convenios asinados con distintas entidades orientados a apoiar o sector turístico e a garantir a supervivencia dos subsectores máis castigados pola crise.

Como resultado desas medidas, o Consello da Xunta deu o visto e prace ao informe que recolle o impacto das liñas de axudas e convenios asinados na provincia de Lugo, nas cales se investiron case 19 millóns de euros no ano 2021 para garantir o proceso de recuperación e reactivación do tecido turístico da provincia de Lugo.

Do conxunto de 12 liñas de axuda postas en marcha durante 2021 por parte de Turismo de Galicia e que supuxeron un investimento de 31,2 millóns de euros para o conxunto de Galicia, a provincia de Lugo absorbeu 4,2 millóns, entre as cales destacan as axudas para a mellora das infraestruturas turísticas dos concellos de menos de 10.000 habitantes e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

as axudas para a dixitalización e mellora da comercialización dos empresarios turísticos lucenses.

Por outra banda, asináronse un total de 10 convenios con diferentes entidades por 2,3 millóns de euros: concellos, consorcios e mancomunidades, así como co tecido asociativo vencellado co desenvolvemento turístico da provincia. Destacan especialmente os asinados coa Mancomunidade de Municipios da Mariña Lucense para a execución do Plan de sustentabilidade turística na Mariña, por importe de 1 millón de euros, e co Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, por valor de 850.000 euros.

No marco do plan de choque e dentro das iniciativas que se puxeron en marcha, cómpre destacar dúas accións que tamén tiveron un importante impacto na provincia de Lugo, como foi o bono turístico #QuedamosenGalicia, que mobilizou na provincia 1,3 millóns, ou o programa *O Teu Xacobeo*, que supuxo achegas por valor de 1,1 millóns de euros para apoiar 96 proxectos.

Por outra banda, a provincia de Lugo beneficiouse dun investimento de case 11,2 millóns de euros do Plan de rescate á hostalaría, investimento que chegou a 4.800.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS PLANS DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DA RIBEIRA SACRA E DA MARIÑA LUCENSE PERMITIRÁN LEVAR A CABO ESTE ANO ACTUACIÓNS POR 1,5 M€ PARA FOMENTAR O TURISMO SUSTENTABLE

- A Xunta de Galicia achega no período 2021-2023 un investimento de 1 M€ ao PSTD da Mariña e outros 850.000 euros ao da Ribeira Sacra, para impulsar unha oferta turística innovadora, competitiva e sustentable nestes territorios
- A sustentabilidade é tamén un eixo transversal do modelo turístico galego, como recolle o Plan director 2021-2023 Galicia Destino Seguro

O Consello da Xunta avanzou hoxe o informe sobre o balance dos plans de sustentabilidade turística en destino (PSTD) da Ribeira Sacra e da Mariña lucense, que permitirán executar este ano actuacións por máis de 1,5 millóns de euros co obxectivo de garantir a sustentabilidade ambiental, económica e social nestes territorios e consolidar unha oferta turística innovadora, competitiva e sustentable en ambos os destinos.

No caso do PSTD da Ribeira Sacra, aos 80.529 euros executados o ano pasado sumaranse neste 2022 outros 1,1 millóns de euros para continuar a impulsar un desenvolvemento turístico sustentable nesta zona. Este plan conta cun investimento total de 2 millóns en tres anualidades, dos cales a Xunta achega 850.000 euros e no cal participa tamén a Secretaría de Estado de Turismo e o Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

En 2021, entre outras medidas, púxose en marcha o servizo de microbús lanzadeira do mosteiro de Santa Cristina, ademais de avanzar no Plan de mobilidade sustentable e sinalizar recursos turísticos como o castro de Penadominga en Quiroga.

Co investimento previsto para este ano continuaránse a implantar accións relacionadas co transporte sustentable, o embelecemento de núcleos, o deseño de rutas, a renovación da sinalética, ademais de impulsar produtos turísticos como a ruta do viño e asesorar e formar os emprendedores da zona neste sector para ofrecer un servizo de calidade. Deste xeito, ao mesmo tempo que se contribúe a garantir a sustentabilidade ambiental da Ribeira Sacra, no marco das liñas da candidatura a Patrimonio Mundial, o plan axuda a dinamizar a economía da zona xerando oportunidades de emprego co obxectivo de fixar poboación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No caso do PSTD da Mariña lucense, conta cun orzamento total de 2,3 millóns, dos cales a Xunta achega 1 millón de euros, e conta tamén con investimentos do Goberno central e da Mancomunidade de Concellos da Mariña.

Para este ano prevese un investimento de 442.800 euros para dar os primeiros pasos deste plan tras a constitución da comisión de seguimento o pasado xaneiro. Prevese a presentación da proposta que se vai desenvolver, que incluíría a elaboración dun plan estratéxico, un plan de márketing e proxectos destinados á comercialización do destino a través de experiencias turísticas innovadoras e sustentables relacionadas, por exemplo, co deporte, coa natureza, co turismo activo, co xeoturismo, co turismo gastronómico ou co turismo ornitolóxico.

A iniciativa consta de cinco eixos programáticos orientados a mellorar a xestión de fluxos turísticos, impulsar a dixitalización de infraestruturas e servizos, desenvolver equipamentos e produtos seguros e singulares, diversificar a oferta e promocionar o destino, todo iso para incrementar o nivel socioeconómico da comarca e frear a perda de poboación rural.

Ambos os plans de sustentabilidade turística en destino adáptanse tamén ao modelo turístico do Plan director 2021-2023 Galicia Destino Seguro do Goberno galego, no cal a sustentabilidade é precisamente un dos seus eixos transversais, xunto coa seguridade e a calidade. A Xunta colabora nestes plans con outras administracións co obxectivo común de avanzar nun turismo tranquilo e de espazos abertos en contacto coa natureza e respectuoso coa contorna.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

LUGO É A PROVINCIA MÁIS BENEFICIADA DO PLAN DE MELLORA DE COBERTURA MÓBIL DA XUNTA E A SEGUNDA CON MÁIS DESPREGAMENTOS DE FIBRA EN MARCHA

- A iniciativa para mellorar a cobertura 4G en zonas illadas chegará a 150 núcleos lugueses, o 51% do total de núcleos das catro provincias que recolle o plan impulsado pola Xunta en colaboración coa Fegamp
- A vindeira semana, a Administración autonómica publicará no DOG unha nova liña de axudas para facilitarlles a conexión á internet ultrarrápida ás empresas e aos autónomos de zonas illadas do rural
- Estas medidas son complementarias ás que ten en marcha o Estado para dotar de cobertura de 100Mbps ao 100% da poboación en 2025
- Lugo é a segunda provincia, só por detrás da Coruña, que concentra o maior número de despregamentos con actuacións previstas en todos os concellos
- Ao remate deste ano, o Estado prevé completar a extensión de fibra en máis de 2.700 núcleos e desenvolver novos despregamentos noutras 732 parroquias ata finais de 2023
- A mellora da cobertura é unha prioridade para Galicia, que só recibirá 0,4 millóns de euros dos 4.000 millóns de euros do Plan de recuperación e resiliencia para a conectividade e para un conxunto de actuacións predefinidas polo Goberno estatal
- A Xunta trasladou ao Estado a importancia de priorizar e executar o 100% dos fondos previstos para Galicia tendo en conta a súa dispersión poboacional

A provincia de Lugo concentra a maioría das actuacións postas en marcha pola Xunta e o Goberno do Estado para mellorar a conectividade e a cobertura móbil. Así se recolle nun informe elevado hoxe ao Consello do Goberno Galego pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia sobre as actuacións de banda ultrarrápida e de cobertura móbil na provincia.

Un total de 150 núcleos da provincia se beneficiarán do Plan de mellora de cobertura móbil en zonas illadas que ten en marcha a Xunta en colaboración coa Fegamp. Lugo concentra así máis do 51% dos núcleos en que actuará este plan en toda Galicia.

Ademais, a vindeira semana publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a terceira liña de axudas para facilitarlles a conexión á internet ultrarrápida ás empresas e aos autónomos de zonas illadas rural cun investimento de 800.000 euros.

Ambas as actuacións son complementarias ás previstas polo Goberno do Estado, que é quen ten competencias na materia e xestiona desde 2015 os fondos Feder para a extensión da banda larga. Ademais, o Estado ten en marcha o programa Único, con máis

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de 4.000 millóns de euros do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRPT), dos que o ministerio xestionará o 91% e Galicia recibirá o 0,4%.

Ao remate deste ano, o Estado prevé completar a extensión de fibra en preto de máis de 2.700 núcleos e prevé rematar novos despregamentos noutras 732 parroquias a finais de 2023. Deste xeito, Lugo é a segunda provincia, só por detrás da Coruña, que concentra o maior número de despregamentos con actuacións previstas en todos os concellos.

Actuacións xa realizadas

Máis do 99% da poboación da provincia de Lugo dispón de cobertura 4G e máis dun 60% ten acceso a redes de 100MPbs, grazas ás actuacións desenvoltas polos diferentes plans de banda larga da Xunta do PEBA-NGA do Goberno de España.

Estas iniciativas públicas permitiron dotar de redes ultrarrápidas 253 núcleos da provincia entre 2016 e 2018. Ademais, o plan galego dotou de cobertura de redes de 350Mps 14 polígonos da provincia e concedeu subvencións a preto de 30 empresas de zonas illadas para conexións a redes ultrarrápidas.

A cobertura, unha prioridade para Galicia

É preciso continuar a mellorar a cobertura no territorio e desde a Xunta estase a insistir ao Goberno do Estado na necesidade de cumprir os obxectivos marcados por Europa, así como na execución completa das actuacións en marcha na Comunidade por parte do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación dixital.

Concretamente, trasladouse a importancia de priorizar e executar o 100% dos fondos previstos para Galicia tendo en conta a súa dispersión poboacional. Ademais, véñse recordando desde hai anos a importancia de modificar o servizo universal, que está actualmente en 1Mpbs.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UN PAQUETE DE MEDIDAS PARA PALIAR AS CONSECUCENCIAS DA ALZA DE PREZOS

Entre as medidas están a axilización e reforzo do Bono social térmico, o compromiso de financiar o anticipo das axudas directas da PAC ou a posta en marcha de medidas para compensar o importe das taxas portuarias durante polo menos dou meses

A Xunta de Galicia vén de aprobar na súa reunión do Consello de hoxe unha batería de medidas co obxectivo de paliar as consecuencias da alza de prezos e achegar liquidez ás empresas dentro do ámbito das competencias autonómicas.

Entre as medidas adoptadas, axilízase o lanzamento do Bono social térmico para axudar aos fogares a afrontar os gastos de calefacción, auga quente e cociña, que se intensificaron nos últimos meses. Trátase dun investimento de 13,1 millóns de euros que chegará a máis de 66.400 fogares vulnerables. Realizarase a través dun ingreso directo na conta das familias beneficiarias, que son as mesmas que xa contan con descontos nas súas facturas da luz grazas ao Bono Social Eléctrico.

Nesta liña, aprobouse tamén un complemento extraordinario de 100 euros para reforzar a contía de Bono Social Térmico. Será posible grazas á habilitación duns fondos adicionais de 6,6 millóns de euros, que elevan o investimento total nesta medida aos 19,7 millóns de euros.

En relación co agro, e para facilitar liquidez, a Xunta asume o compromiso de financiar o anticipo das axudas directas da PAC que as explotacións cobran no mes de outubro de cada ano. Suporá anticipar seis meses uns 200 millóns de euros de liquidez para os agricultores e gandeiros, subvencionando os xuros cun custo para a Xunta de arredor de dous millóns de euros.

Ademais, contéplase a apertura de liñas de crédito de ata 20.000 euros para poder atender compras de circulante, por parte dos gandeiros, avaladas pola Xunta. Para esta operación, a Consellería do Medio Rural dispón dunha liña de avais para chegar ata os 25 millóns de euros de préstamos. Deste xeito, articularanse uns préstamos de sinxela concesión que se outorgarán en función do número de animais de cada explotación.

No ámbito marítimo-pesqueiro, o Consello aprobou o establecemento de medidas para compensar o importe das taxas portuarias correspondentes a un período de alo menos dous meses para a descarga dos produtos do mar e os atraques nos peiraos de competencia autonómica. Tamén no eido relacionado co mar e, seguindo a mesma liña de xestión realizada durante a pandemia da covid-19, acordouse axilizar o abono das

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

axudas concedidas aos axentes do sector a través das diferentes ordes de achegas convocadas polo Goberno autonómico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA OFRECE CASE 270.000 METROS CADRADOS DE SOLO URBANIZADO EN 11 PARQUES EMPRESARIAIS DA PROVINCIA DE LUGO CON BONIFICACIÓNS DO 50%

- Paralelamente, o Goberno galego inviste 6 M€ en actuacións para habilitar superficie, entre as cales destaca a urbanización da terceira fase das Gándaras, que se adxudicará este mes, e os proxectos da segunda fase da Pontenova e Meira
- Desde 2015, a Xunta adxudicou en Lugo case 478.000 m² de solo, o que supuxo un desembolso por parte dos adquirentes de 18,5 M€, despois de aplicarse incentivos por importe de 18,4 M€
- As 151 empresas adxudicatarias desde ese ano representan un investimento directo de máis de 119 M€ e a creación de 1.700 empregos

A Xunta de Galicia ofrece ao tecido empresarial que aposte pola provincia de Lugo, para asentarse ou ampliar os seus negocios, case 270.000 metros cadrados de solo urbanizado, distribuídos en 132 parcelas de 11 polígonos, e con bonificacións do 50% sobre o prezo de venda en todos os casos.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda presentou un informe no Consello da Xunta en que se recollen as actuacións máis inmediatas neste eido que se van pór en marcha na provincia, así como un balance da adxudicación de solo desde o 2015, ano en que o Goberno galego iniciou a súa política de incentivos.

Así, a empresa pública Xestur ofrece ao abeiro do concurso de 2022, aberto ata o 30 de marzo, un total de 52 parcelas, emprazadas en tres parques empresariais (As Gándaras, Cervo e Viveiro), cunha superficie global de 113.101 m².

Así mesmo, a Xunta sacará a concurso outros case 13.000 m² ao longo do ano, un total de 15 parcelas localizadas no parque de Muimenta (Cospeito) que actualmente se atopan en desenvolvemento.

O solo empresarial dispoñible complétase coa superficie propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo, que ofrece 122.367 m² para a venda, distribuídos en 65 parcelas de sete polígonos (Xermade, Monterroso, Porto Seco de Monforte de Lemos, Lourenzá, Bóveda, Quiroga e Taboada). Neste caso, a adxudicación faise de forma directa.

Unha das novidades do concurso de Xestur deste ano é que se inclúe unha nova modalidade de compra: a adxudicación de solo en compravenda con pagamento aprazado, con base na cal o adquirente deberán pagar un 20% —máis o IVE total— ao

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

asinar a escritura. O 80% restante poderá aboalo nun prazo máximo de oito anos, sen xuros durante os primeiros catro anos e coa posibilidade dun ano de carencia.

Esta nova modalidade de adxudicación súmase en Lugo ás dúas xa existentes: compravenda con prezo bonificado do 50%, en todos os parques, e dereito de superficie en Cervo, Viveiro e Muimenta para aqueles proxectos empresariais que inclúan o desenvolvemento de actividades de especial vinculación co sector primario: agricultura, gandaría, sector do mar, etc., cun canon de entre 0,38 e 2,20 €/m².

Outras superficies en desenvolvemento

Paralelamente, o Goberno galego impulsa na provincia de Lugo actuacións para habilitar solo á disposición dos empresarios, ás cales destina 6 millóns de euros.

Cómpre salientar a terceira fase do polígono das Gándaras, cuxas obras de urbanización, licitadas por 1,7 millóns de euros, se adxudicarán este mesmo mes, co obxectivo de habilitar 25 novas parcelas. De feito, esta superficie xa se pode adquirir a xeito de reserva no actual no concurso de Xestur.

Ademais deste parque e a citada ampliación de Muimenta, estanse a desenvolver outras bolsas de solo para habilitar 183.000 m² máis, como as segundas fases da Pontenova – abrangue unha superficie neta de 5.140 m²– e Meira –17.585 m²–, cuxos proxectos de urbanización se licitarán en abril.

Asemade, trabállase no desenvolvemento de novo solo localizado no Corgo – 118.244 m²–, Palas de Rei –17.052 m²– e Castro de Rei –24.641 m²–, e a Xunta é propietaria dun ámbito de máis de 1 millón de m² en Baamonde (Begonte), que se urbanizarían no momento en que se constate unha demanda significativa.

A Xunta de Galicia, única Administración que aplica incentivos

O Goberno galego decidiu no ano 2015 aplicar un política de incentivos para mobilizar a venda de solo empresarial, sendo así a única Administración pública que ofrece estas bonificacións.

Desde ese ano, a Xunta adxudicou en Lugo case 478.000 m² de solo empresarial, máis do 20% do asignado no conxunto da Comunidade e adquirido na súa totalidade en compravenda, o que supuxo un desembolso por parte dos adquirentes de 18,5 millóns de euros, despois de aplicarse bonificacións por importe de 18,4 millóns.

En total, 151 foron as empresas adxudicatarias de solo, que representaron un investimento directo de máis de 119 millóns de euros, coa creación duns 1.700 empregos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cómpre lembrar que a Xunta fixou un orzamento de 34,3 millóns de euros nas contas de 2022 para financiar actuacións de solo empresarial, dos cales 7,5 millóns de euros se destinarán a bonificar a adquisición de solo e a partida restante, 26,6 millóns de euros, servirá para impulsar actuacións que optimicen os parques empresariais de toda Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSARÁ DÚAS SENDAS METROPOLITANAS, TRES APARCADOIROS E A MELLORA DE 96 PARADAS DE AUTOBÚS NA CIDADE DE LUGO E NA SÚA ÁREA, CUN INVESTIMENTO DE 8,7 M€

- As intervencións enmárcase nos proxectos promovidos pola Xunta de Galicia ao abeiro dos fondos Next Generation para fomentar a mobilidade sustentable nas cidades galegas
- Un itinerario unirá a estación intermodal co Hospital Lucus Augusti, cunha lonxitude de 3,4 km que, en bicicleta e a unha velocidade de 12 km/h, suporía 17 minutos
- A outra senda comezará no parque Rosalía de Castro, continuará pola beira do Miño, seguirá cara á Ponte Vella e rematará na estrada vella de Santiago
- A proposta inclúe un aparcadoiro disuasorio con 150 prazas no enlace da N-VI coa N-540 para minimizar o uso do vehículo privado e as emisións contaminantes
- Tamén se proxectan dous aparcadoiros nos accesos á VAP Nadela-Sarria-Monforte de Lemos, co sistema *carpooling*, para que as persoas que van a Lugo poidan partillar coche
- Impúlsase a mellora de 96 paradas de autobús de liñas interurbanas situadas en vías autonómicas e que dan acceso á cidade de Lugo, cun investimento de 2,8 M€
- O Goberno galego promove, a través dos fondos europeos, actuacións de mobilidade sustentable como as estacións intermodais, os aparcadoiros disuasorios, sendas ou a mellora das paradas de autobús nas estradas autonómicas

A Xunta impulsará a construción de dúas sendas, tres aparcadoiros e a mellora de 96 paradas de autobús na cidade de Lugo e na súa contorna, cun investimento de preto de 8,7 millóns de euros.

Este conxunto de actuacións, que foron abordadas hoxe no Consello da Xunta, están enmarcadas no programa europeo dos Fondos Next Generation, que ten como obxectivo favorecer a mobilidade sustentable en Lugo e na súa área de influencia.

En primeiro lugar, a proposta da Xunta prevé a execución de dous itinerarios peonís e ciclistas na cidade, que suporán un investimento de 4,7 millóns de euros.

Por unha parte, acometerase unha senda que conectará a futura estación intermodal co Hospital Lucus Augusti.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O punto de partida no norte será a intermodal, que prevé no seu deseño un paso baixo as vías do ferrocarril, aproveitando para iniciar o tránsito na senda do río Rato ata a confluencia co río Fervedoira, que discorrerá logo pola senda paralela ao río.

Logo do cruzamento da rúa de Galegos, a nova senda separaríase xa do río Fervedoira, cun trazado que irá ganando cota coa menor pendente posible ata chegar ata o perímetro do complexo hospitalario.

Este percorrido constará dunha lonxitude de 3,4 quilómetros ata a entrada principal do HULA, que en bicicleta e a unha velocidade de 12 quilómetros/hora levará só 17 minutos percorrelo.

Por outra parte, a outra senda proxéctase para conectar o parque de Rosalía, a Ponte Vella e a estrada de Santiago. Trátase de unir a parte alta da cidade, á mesma altura que o recinto amurallado, coa beira do Miño, cun itinerario accesible para peóns e ciclistas, e prolongalo a través da Ponte Vella coa estrada vella de Santiago.

De modo máis concreto, desde o citado parque ata a cota baixa próxima ao río Miño estudarase unha combinación de varios elementos que permitan salvar esta diferenza de altura, por exemplo, a través de pasarelas, sendas e previsiblemente ascensores de uso público como elementos mecánicos de comunicación vertical. Salvaríanse así, ademais, a distinto nivel dous cruzamentos coa rúa República Arxentina e a rúa Santiago.

O final do traxecto anterior sería no miradoiro de Volta da Viña e desde este baixaríase pola beirarrúa da rúa Santiago ata a Ponte Vella, pola que se cruzaría o río Miño. Finalmente, estudarase a viabilidade de prolongar a senda ata a estrada LU-612, na cal a Xunta habilitou recentemente unha senda nos dous primeiros quilómetros, ata Toiriz.

Aparcadoiro disuasorio e *carpooling*

En segundo lugar, a proposta abordada hoxe no Consello da Xunta inclúe a dotación de tres aparcadoiros, que suporán un orzamento de 1,1 millóns de euros.

A Consellería de Infraestruturas está a avaliar a posibilidade de construír un aparcadoiro disuasorio con 150 prazas nas proximidades do enlace da estrada N-VI coa N-540.

Estes aparcadoiros en zonas próximas ás principais vías de entrada ás cidades e conectados co transporte público contribúen a minimizar a necesidade de acceder en vehículo privado e, por conseguinte, á implantación de zonas de baixas emisións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A proposta tamén abrangue a execución de dous aparcamentos para *carpooling*, nos accesos á vía de altas prestacións Nadela–Sarria–Monforte de Lemos, nas proximidades de Sarria e de Monforte de Lemos, con 30 prazas cada un deles.

Esta modalidade permite que as persoas que se queiran dirixir á cidade de Lugo se poidan agrupar para realizar a viaxe nun só vehículo, de xeito que se eviten percorridos innecesarios e se reduza o custo da mobilidade.

Estes aparcadoiros, ademais de estaren conectados á rede de transporte público, tamén poderán dispor de puntos de recarga eléctrica, de alugamento de bicicletas, zonas verdes e outros sistemas de redución de gases de efecto invernadoiro.

Mellora de 96 paradas de autobús

O terceiro eixe da proposta consiste na mellora de 96 paradas de autobús de liñas interurbanas de titularidade da Xunta, situadas en estradas autonómicas e que dean acceso á cidade de Lugo. A esta liña de actuación destinarase un investimento de 2,8 millóns de euros.

A intervención fará necesaria a mellora do equipamento da parada, como as marquesiñas, os postes ou os bancos; e da accesibilidade para persoas con mobilidade reducida, con ramplas, información en braille ou pavimento con tacto visual. Tamén se proxecta a optimización da sinalización ou da seguridade, co reforzo da iluminación e da visibilidade.

Para acadar estes obxectivos, será preciso un importante esforzo de enxeñaría de detalle, dado que para cada caso será necesario avaliar funcionalidade, topografía, servizos que se poidan ver afectados e a posible necesidade de expropiar terreos para conseguir unha mellor configuración do apartadoiro e do refuxio.

Fondos Next Generation

O Goberno galego, ao abeiro dos fondos europeos Next Generation, está a traballar no obxectivo do fomento dunha mobilidade sustentable nas cidades galegas, a través de diversas liñas de actuación.

Neste sentido, a Xunta impulsa as estacións de autobuses intermodais de Lugo, da Coruña e de Ferrol, e dá así continuidade ao desenvolvemento destas infraestruturas do transporte noutras cidades como Santiago de Compostela e Ourense, onde xa están en servizo, e en Pontevedra e Vigo, próximas ao seu remate.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Executivo autonómico tamén proxecta a mellora de paradas de autobús en estradas autonómicas co fin de facer máis competitiva a oferta dos servizos de transporte público colectivo nas contornas metropolitanas de Galicia.

Outra liña de acción correspóndese coa dotación de aparcadoiros disuasorios en zonas próximas ás vías de entrada ás cidades e conectados coa rede de servizos de transporte público, de tal forma que se minimize o acceso en vehículo privado.

A Xunta tamén proxecta sendas metropolitanas peonís e ciclistas na contorna das sete grandes cidades galegas. Trátase de itinerarios na contorna das vías de entrada ás cidades, de conexión de equipamentos públicos de interese, como as estacións intermodais, os hospitais ou os centros administrativos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA CONVOCA 1.070 PRAZAS FIXAS NA CATEGORÍA DE ENFERMARÍA

- O sistema de selección será o de concurso oposición e reservaranse un total de 268 prazas para o seu acceso pola quenda de promoción interna e 57 para o acceso por persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%
- Como recoñecemento ao esforzo e á dedicación dos profesionais, na fase de concurso, prevese a valoración dos servizos prestados en centros illados así como os realizados durante a situación de emerxencia sanitaria orixinada polo coronavirus

A Xunta de Galicia, a través do Servizo Galego de Saúde, convoca un novo proceso selectivo para o acceso á categoría de enfermaría, en desenvolvemento dos decretos de oferta de emprego público de persoal estatutario para os anos 2019, 2020 e 2021. Nestes tres decretos, a oferta de persoal de enfermaría supuxo máis dun terzo das prazas totais ofertadas, amosando a importancia que o Goberno galego está a dar a esta categoría, cuxo papel foi tan significativo durante a pandemia e para a cal se prevé unha potenciación das súas capacidades a través das reformas que se están a introducir na atención primaria. Sinaladamente, na última oferta (a de 2021), máis da metade do total de prazas ofertadas correspondían a persoal de enfermaría.

Como principais novidades, no contexto actual de redución da temporalidade no emprego público, increméntase o número de prazas reservadas para o seu acceso pola quenda libre e diminúese a puntuación mínima necesaria para a superación do exercicio sobre o contido da parte específica do programa, relacionado co desenvolvemento profesional e coas funcións propias da categoría, que pasa do 50% do seu valor ao 35%.

O sistema de selección será o de concurso oposición e resérvanse un total de 268 prazas para o seu acceso pola quenda de promoción interna e 57 para o acceso por persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

Na epígrafe do baremo da fase de concurso, recóllese a valoración, cunha puntuación específica, dos servizos prestados en centros illados, así como os realizados durante a situación de emerxencia sanitaria orixinada polo coronavirus, como recoñecemento do esforzo e dedicación dos profesionais. Así, polos servizos efectivamente prestados nos hospitais públicos do Barco de Valdeorras, Verín, A Mariña, Cee e Monforte de Lemos, ou en centros sanitarios do nivel de atención primaria situados en concellos caracterizados polo seu illamento respecto dos grandes núcleos poboacionais, asignarase unha puntuación adicional de 0,5 puntos por ano completo ou a parte proporcional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, os servizos prestados como profesional de enfermaría no período de emerxencia sanitaria da covid-19 comprendido entre o 14 de marzo de 2020 e o 9 de maio de 2021 valoraranse no punto doutras actividades, cunha puntuación adicional por mes completo traballado equivalente ao valor asignado a cada un destes méritos na epígrafe de experiencia profesional do baremo.

Na convocatoria redúcese a promoción interna dun 50% a un 25% das prazas, co obxecto de incrementar o número de prazas reservadas a acceso libre.

O baremo tamén prevé unha puntuación específica polo exercicio de dereitos de conciliación da vida laboral e familiar por parte da persoa aspirante, tales como o desfrute de redución de xornada ou a excedencia por coidado de fillos ou familiares, licenza de maternidade ou permiso de paternidade entre outros. Así mesmo, incorpora as medidas recollidas no primeiro Plan de igualdade aprobado polo Servizo Galego de Saúde con respecto ás mulleres xestantes con dificultades para desprazarse na data de realización do exame, conferíndolles a posibilidade de realización da proba nun centro hospitalario, nun espazo especialmente acondicionado para o efecto.

Esta convocatoria cumpre requisitos da Lei de redución de emprego temporal. Está previsto que se poidan incluír novas prazas unha vez aprobada a oferta extraordinaria.

Publicación e prazos de inscrición

A publicación desta convocatoria efectuarase neste mes de marzo e o prazo de inscrición estará aberto ata o 15 de xullo próximo. Preténdese así posibilitar, por un lado, a participación neste proceso dos novos titulados en enfermaría que finalizarán os seus estudos no próximo mes de xuño. Por outra banda, permitirá unha ampliación do número de prazas que se van convocar, sen necesidade de efectuar unha nova convocatoria nin reabrir os prazos de inscrición, co que se poderá acumular a tramitación no mesmo proceso das prazas desta categoría que se aproben no decreto de oferta do ano 2022 e redundará nunha maior axilidade no desenvolvemento dos procesos.

A inscrición efectuarase a través do sistema de información Fides/expedient-e. Para calquera dúbida relacionada con este proceso habilítase o seguinte enderezo de correo electrónico: oposicions@sergas.es

Convocatorias anteriores

Malia o contexto económico e sanitario dos últimos anos, o Servizo Galego de Saúde, en cumprimento do compromiso de dotar de estabilidade os seus cadros de persoal, continuou a convocar e desenvolver novos procesos de selección para o acceso á

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

condición de persoal fixo, logo da aprobación con carácter anual dos preceptivos decretos de oferta de emprego público, que esgotaron a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada pola lexislación básica do Estado e nos cales se deu prioridade ás categorías sanitarias.

Así, desde o ano 2012 ofertáronse un total de 8.112 prazas das distintas categorías estatutarias para a súa incorporación, como persoal estatutario fixo, ás institucións sanitarias do Sistema público de saúde galego.

Concretamente, neste período incorporáronse ao Servizo Galego de Saúde, con vinculación fixa, un total de 1.454 profesionais de enfermaría, dos cales 1.035 pertencen á categoría de enfermeiro/a e 419 ás especialidades de enfermaría obstétrica e xinecolóxica, familiar e comunitaria, pediátrica, saúde mental e traballo, deste xeito, esta Comunidade Autónoma é pioneira na incorporación de persoal fixo das especialidades de enfermaría familiar e pediátrica.

Así, na especialidade de enfermaría familiar e comunitaria incorporáronse 30 profesionais e, na de enfermaría pediátrica, un total de 166, 18 dos cales a través de concurso oposición e 148 a través do sistema de concurso específico.

Ademais, na especialidade de saúde mental, incorporáronse un total de 115 profesionais, dos cales 30, por concurso oposición, e 85, por concurso específico. En enfermaría do traballo, un total de seis, dos cales dous o fixeron a través de concurso oposición e catro polo procedemento de concurso específico e, por último, na especialidade de enfermaría obstétrico-xinecolóxica (matrón/a) incorporáronse un total de 102 profesionais logo da superación dun concurso oposición.

Este novo proceso que se convoca, cun total de 1.070 prazas, súmase aos actualmente en tramitación convocados por este mesmo organismo, que permitirán a próxima incorporación de 2.000 novos profesionais de distintas especialidades médicas, técnicos sanitarios, persoal informático, traballadores sociais e persoal de xestión e servizos das áreas de mantemento e hostalaría, entre outros.

Destas 2.000 prazas con proceso selectivo actualmente en tramitación, 1.320 xa se atopan na fase final de concurso e 680 realizarán os exercicios da fase de oposición nos meses de abril e maio próximos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA CONTINÚA POTENCIANDO A ATENCIÓN PRIMARIA EN LUGO COA REFORMA DO CENTRO DE SAÚDE DA MILAGROSA

- O Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria, aprobado polo Consello da Xunta en outubro de 2021, identificou a reforma do Centro de Saúde da Milagrosa como prioritaria para completar a reordenación da asistencia sanitaria na cidade, que suporá a posta en marcha este ano do novo Centro Integral de Saúde
- Encoméndase agora á Axencia Galega de Infraestruturas a xestión da redacción do proxecto e da execución das obras cun importe estimado de 2,5 millóns de euros
- Desde o ano 2009, a Xunta de Galicia construíu ou reformou un total de 96 centros de saúde aos que engadir as catro obras que arestora están en marcha e investiu en total máis de 120 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria

A Consellería de Sanidade informou hoxe o Consello da Xunta sobre a reforma do Centro de Saúde (CS) da Milagrosa, na cidade de Lugo, continuando deste xeito co traballo en prol da asistencia de primeiro nivel na sanidade galega na área luguesa. Trátase dunha infraestrutura para a cal os orzamentos xerais da Xunta de Galicia de 2022 reservaron un total de 500.000 euros dentro da partida de reformas e melloras de centros de saúde. Esta cantidade irá destinada á redacción do proxecto arquitectónico e ao inicio da obra. O orzamento final da reforma calcúlase nuns 2,5 millóns de euros que actúan sobre un total de 1.270 metros cadrados.

A reforma do centro de saúde vén propiciada pola construción do Centro Integral de Saúde (CIS) de Lugo, que implica unha importante reordenación da asistencia sanitaria de primeiro nivel na cidade xa que varios cotas de pacientes da Milagrosa pasarán para o novo CIS. É por isto que o Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria aprobado polo Consello da Xunta en outubro de 2021 identificou como unha das prioridades na área de luguesa a adaptación do CS da Milagrosa á nova realidade asistencial que terá que xestionar, aproveitando para acometer unha necesaria reforma na súa estrutura física.

O centro reformado contará con seis consultas de medicina xeral e outras tantas de enfermaría, ademais de dúas consultas de docencia, un despacho de traballo social, dúas salas polivalentes e unha sala de técnicas, outra de urxencias e unha de toma de mostras. Ademais, existirá unha área de admisión a zona para o persoal, mellorará os espazos existentes, como o de coordinación ou a sala de xuntas, e incorporará outros novos como a sala de estar ou vestiarios. A accesibilidade mellorará non só na entrada

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para peóns senón tamén cun espazo para a entrada de ambulancia baixo teito e un espazo no interior para ter cadeiras de rodas e padiolas á disposición dos pacientes que o necesiten. Por outro lado, dotarase o centro de aseos públicos adaptados para persoas con mobilidade reducida.

O DOG publicará a encomenda do Sergas á Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) para a xestión das actuacións para a redacción do proxecto e a execución das obras de reforma da Milagrosa, polo que o seguinte paso será a licitación por parte da Axencia do contrato do proxecto arquitectónico. Unha vez rematado e supervisado, poderá licitarse o contrato de obra.

Infraestruturas de atención primaria na provincia de Lugo

Desde o ano 2009, a Xunta de Galicia construíu ou reformou un total de 96 centros de saúde, o que supuxo actuar sobre máis de 75.000 metros cadrados. A eles hai que engadir as catro obras que arestora están en marcha. En total, a Administración autonómica investiu, nestes 12 anos, máis de 120 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria.

En particular, na provincia de Lugo, a Xunta de Galicia puxo en marcha desde 2009 novos centros de saúde en Carballedo, Sarria, Monterroso e O Saviñao, ademais de iniciar a construción do novo Centro Integral de Saúde da cidade de Lugo, unha obra de máis de 8.000 metros cadrados, adxudicada por preto 11,5 millóns de euros. En canto á reforma de centros de saúde de titularidade municipal, acometéronse actuacións en colaboración cos concellos en centros como Xermade, Portomarín ou Palas de Rei.

Para continuar con este esforzo, este ano o Goberno galego aprobou o Plan de infraestruturas sanitarias de atención primaria con 51 actuacións e, no caso da provincia de Lugo, prevé construír seis novos centros de saúde, nos concellos de Antas de Ulla (cuxo proxecto de obra xa está adxudicado), Pantón, Ribadeo, Becerreá, Guntín e Sagrado Corazón (Lugo), ademais de reformar e modernizar integramente e, nalgúns casos ampliar, outros tantos, como os de Foz, A Milagrosa (Lugo), Meira, Outeiro de Rei, Foz, Ribas de Sil ou Praza do Ferrol (Lugo).

Outros investimentos sanitarios na cidade de Lugo

A través do Plan galego de atención primaria 2019-2021 créanse nestes últimos tres anos 18 novas prazas nos centros de saúde desta cidade e dotáronse de equipos por un importe superior aos 160.000 euros, incluídos dous ecógrafos, un retinógrafo, seis electrocardiógrafos, seis espirómetros ou sete desfibriladores.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, a Xunta apostou por Lugo para centralizar o Laboratorio de Saúde Pública e iniciou en 2013 unhas obras de ampliación do laboratorio de Lugo para aumentalo ata os 2.500 metros cadrados, dotalo de novo equipamento de alta tecnoloxía e convertelo no laboratorio central da Comunidade. Este ano vanse utilizar os fondos europeos React para, neste contexto pospandemia, mellorar os recursos de saúde pública e destinar 600.000 euros para renovar e modernizar a súa tecnoloxía, co cal o investimento neste laboratorio desde 2015 chegará a preto de 4 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DESTINA MÁIS DE TRES MILLÓNS DE EUROS PARA REFORZAR A UNIDADE DE MEDICINA NUCLEAR DO HULA

- Estará instalada na planta 0 do centro hospitalario e contará cun novo equipamento, no cal destaca un equipo PET-TC, o primeiro que se vai instalar na provincia de Lugo, e que evitará o traslado de pacientes ás áreas sanitarias da Coruña e Cee e á de Santiago de Compostela e a Barbanza, para a realización destas probas
- O Plan funcional da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos definiu os espazos necesarios para esta unidade, que implicará unha actuación en 172 metros cadrados
- Os orzamentos da Xunta para o 2022 suporán un investimento de máis de 90 millóns de euros en tecnoloxía e equipamento sanitario que permitirán renovar neste hospital cinco equipamentos TAC e incorporar un novo equipamento de braquiterapia e outro de angiografía neurorradiolóxica

A Xunta de Galicia vai investir máis de tres millóns de euros para a obra e o equipamento da Unidade de Medicina Nuclear no Hospital Universitario Lucus Augusti. En concreto, serán máis de 2.235.000 euros para o equipamento de alta tecnoloxía e arredor de 800.000 euros para a realización das obras.

En agosto de 2016 comezou a funcionar neste hospital o Servizo de Medicina Nuclear, o que permitiu realizar só no 2021 máis de 1.700 probas cunha gammacámara con tomografía axial computerizada (TAC). Agora, o servizo renóvase e amplíase con esta nova intervención.

No referido ao equipamento de alta tecnoloxía para esta unidade, vanse adquirir unha nova gammacámara SPECT-CT, que substituirá a existente por obsolescencia tecnolóxica, e un equipamento PET-TC de nova dotación para o diagnóstico por imaxe de tumores e patoloxías neurodexenerativas. É o primeiro que se vai instalar na provincia e que evitará o traslado de pacientes do distrito da Mariña á área sanitaria da Coruña e Cee, e aos dos distritos de Lugo e Monforte de Lemos á área sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza. Este equipamento adquirírase a través do Plan de investimento en equipamentos de alta tecnoloxía do Sistema Nacional de Saúde, Plan Inveat, proxecto financiado pola Unión Europea a través do Mecanismo de recuperación e resiliencia-Next Generation.

En canto aos espazos necesarios para reforzar esta nova unidade, no nivel 0 do HULA, están definidos no Plan funcional da área sanitaria. Vaise actuar sobre unha superficie

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

total de 172,40 m² e, conforme o proxecto básico, constará dunha sala de exame (onde se implanta o equipamento), unha sala de control especialista (con visión do funcionamento do equipamento), unha sala técnica do equipamento e unha sala gammateca. Ademais terá dous aseos adaptados, área de recepción e entrevista aos doentes con control CCTV de cabinas, áreas de informes, catro cabinas para preparación de doentes (con control de circuíto TV) e sala de estar do persoal, xunto con outras salas para almacenaxe, oficio limpo e oficio sucio.

Investimentos en Lugo

Co reforzo do Servizo de Medicina Nuclear, a Xunta continúa cumprindo os compromisos acadados no momento da posta en marcha do HULA en 2016. De feito, ademais de executar as obras e licitar os concursos que permitiron dotar o hospital de cociña, gardaría, aparcadoiro e mobiliario e equipamento (un investimento en equipamento superior aos 25,8 millóns de euros), comezaron a funcionar o Servizo de Radioterapia e a Hemodinámica, que iniciou a súa andaina independentemente da Coruña no mesmo ano e con cobertura as 24 horas desde 2019. Tamén en 2019 se dotou o hospital dunha sala de electrofisioloxía cardíaca, o que posibilitou aumentar e completar a carteira de servizo e realizar todos os tratamentos de marcapasos, tratamento de arritmias e implante de dispositivos de desfibrilador automático (DAE) e que os usuarios de Lugo non tivesen que desprazarse fóra. En 2019 completouse a nova situación da Unidade de Rehabilitación Cardíaca, o que permitiu tratar un maior número de pacientes.

Xa en 2020 se realizou unha actualización da resonancia magnética por valor de 665.000 euros e melloras no servizos de urxencias e na de críticos por mor da pandemia. A máis recente das intervencións foi no Hospital de Día de Oncohematoloxía, cunha nova sala de tratamento con 12 postos, o que supuxo un investimento de 127.800 € en obras e de 50.100 € en dotación.

Renovación tecnolóxica na área de Lugo

Os orzamentos da Xunta para o 2022 suporán un investimento de máis de 90 millóns de euros en tecnoloxía e equipamento sanitario para os centros da rede sanitaria pública galega, continuando o investimento de máis de 60 millóns dos orzamentos de 2021.

Froito deste investimento, no 2021 o HULA incorporou cinco equipamentos radiocirúrxicos por valor de case 600.000 euros. En particular, incorporouse un equipamento específico para cirurxía vascular cun valor de 200.000 euros que facilita a realización en Lugo de intervencións de maior dificultade como as de aorta torácica, a abdominal complexa, as carótidas ou as dos membros inferiores con patoloxía oclusiva.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En 2021 tamén se incorporou ao HULA un dos sete novos equipamentos DaVinci de cirurxía robótica que adquiriu a sanidade pública galega e que xa permitiron realizar coa máxima precisión intervencións de uroloxía, cirurxía xeral e dixestiva ou xinecoloxía, coa previsión de iniciar neste mes as de otorrinolaringoloxía. Ademais, xa están resoltas as adxudicacións dos contratos que permitirán incorporar catro novos ecógrafos para o servizo de Radiodiagnóstico do hospital e outro para o seu servizo de Urxencias.

O investimento dos orzamentos da Xunta para 2022 en tecnoloxía sanitaria posibilitará incorporar, ademais da mencionada adquisición do equipamento da Unidade de Medicina Nuclear, cinco equipamentos TAC e incorporar un novo equipamento de braquiterapia e outro de angiografía neurorradiolóxica. Así mesmo, están xa resoltas as adxudicacións dos contratos que permitirán incorporar catro novos ecógrafos para o servizo de Radiodiagnóstico do HULA e outro para o seu servizo de Urxencias, o que supón un investimento de 475.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS FAMILIAS GALEGAS AFORRAN DE MEDIA 1900 EUROS POLA GRATUIDADE NAS ESCOLAS INFANTÍS

- Actualmente xa se benefician dela as que teñen segundos fillos e sucesivos, e a partir de setembro a medida chegará a máis de 30.000 familias ao beneficiar a todas as nenas e nenos
- En 2023 a Xunta destinará 105,8 millóns de euros na atención educativa infantil, o dobre que o que se achegaba en 2019

O Consello da Xunta vén de coñecer un informe que destaca que as familias galegas aforran de media uns 1900 euros por ter gratis a escola infantil. A Xunta de Galicia puxo en marcha a gratuidade para segundos fillos e sucesivos en abril de 2020, polo que estas familias xa poden ver o aforro pola pioneira iniciativa do Goberno galego. A partir de setembro deste ano a medida chegará a máis de 30.000 familias ao ampliarse a todas as nenas e nenos.

A posta en marcha desta iniciativa, que está a vangarda en España, así como a creación de novos centros, leva á Xunta de Galicia a incrementar o financiamento destinado á atención educativa infantil, unha etapa que é voluntaria. Así, para o 2023 destinará 105,8 millóns de euros, o dobre do que se achegaba en 2019.

Así mesmo, onte saíu publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) a nova resolución que abre a solicitude de prazo nas escolas da rede pública autonómica. As familias galegas que precisen dunha praza nun centro da Xunta de Galicia xa poden iniciar a matriculación.

Máis de 500 centros

Galicia é un referente no eido da atención educativa infantil ao contar con máis de 500 centros e 30.000 prazas neste primeiro ciclo. Ademais, é a cuarta comunidade con maior taxa de escolarización na etapa 0-3 anos, cun 43%, sete puntos por encima da media nacional.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O FUTURO CENTRO INTEGRAL DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DE LUGO COMEZA A LEVANTAR A SÚA ESTRUTURA

- A Fundación Amancio Ortega destina 12 millóns de euros para financiar, construír e equipar este centro á vangarda de Europa
- Ademais deste investimento, a Xunta de Galicia achegará 4,7 millóns de euros para adecuar ao novo modelo residencial as residencias públicas de As Gándaras e A Milagrosa

O Consello da Xunta vén de coñecer un informe dos investimentos que se realizarán no concello de Lugo, entre os que destaca os 12 millóns de euros do futuro centro integral de atención ás persoas maiores que está a financiar, construír e equipar a Fundación Amancio Ortega e que está un paso máis cerca de ser realidade posto xa que comezou a levantarse a súa estrutura.

Este centro situará a Lugo á vangarda dos coidados ás persoas maiores grazas a un equipamento moderno e a servizos innovadores como as unidades psioxeriatricas especializadas na abordaxe do alzhéimer e outras demencias. Ademais, creará 120 prazas de atención a persoas maiores e 115 postos de traballo.

O informe tamén sinala outras inversións que se están a realizar na cidade de Lugo para mellorar a atención e o coidado ás persoas de máis idade. Así, destaca os 4,7 millóns que a Xunta de Galicia achegará para adecuar ao novo modelo residencial nas residencias de maiores públicas autonómicas da localidade. En concreto, serán 3,7 millóns de euros á das Gándaras e un millóns de euros á Milagrosa.

Con este investimento, o Goberno galego procura adaptar as instalacións de ambos centros sociosanitarios ao novo modelo residencial que ten como piares básicos a humanización e formación continuada, o aproveitamento da tecnoloxía, máis coordinación sociosanitaria e mellores estruturais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA